

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE FERROL E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E HOSTALARÍA DE FERROL

REUNIDOS

Dunha parte, Don Arán López Martínez, con DNI 32711029S, Concelleiro Delegado Especial de Xuventude, Festas, Novas Tecnoloxías e Marca Ferrol do Concello de Ferrol, con CIF P-1503700-E.

E doutra, Don Emilio Vázquez Rey, con DNI 32638101C, Presidente da Asociación de Empresarios e Hostalaría de Ferrol, con CIF G15092513.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Concellería de Festas é o departamento do Concello de Ferrol que ten por obxectivo promocionar programas de actividades festivos de espaxamento e de ocio alternativo en beneficio da cidadanía do Concello de Ferrol.

Segundo.- Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outros entes de dereito público ou privado para a consecución dunha fin común, baixo o réxime xurídico establecido no capítulo VI da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Terceiro.- Que coincidindo coa tempada de verán e da chegada de visitantes o Concello busca a dinamización da cidade, contribuir ao turismo, xerar actividade económica e de emprego, e fomentar a participación da cidadanía en actividades de carácter festivo.

Polo exposto, e tendo en conta os fins e obxectivos expostos, as dúas partes acordan realizar un convenio de colaboración dacordo coas seguintes,

CLAÚSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

1. É obxecto deste convenio establecer as bases de colaboración entre o Concello de Ferrol e a Asociación de Empresarios e Hostalaría para a colaboración na realización de diferentes actividades de dinamización nas diferentes rúas de Ferrol.

2. Ditas actividades de dinamización serán de pequeno formato, na rúa, con dous horarios alternativos, de 13.00 a 16.00 horas e de 20.00 a 22.00 horas, coas seguintes localizacións, en aras de evitar a saturación dos espazos:

- Zona A – Rúa San Francisco
- Zona B – Rúa Magdalena
- Zona C – Rúa Real e rúa Galiano
- Zona D – Inferniño
- Zona E – Villa Soledad
- Zona F – Fronte da Greza (Caranza)

- Zona G – Rúa Dolores

3. Cada un dos sectores funcionará de xeito illado establecéndose un máximo de **unha actividade de dinamización por sector e semana**, podendo coincidir á vez actividades ao mesmo tempo, no mesmo horario, pero en sectores diferenciados.

4. Cada unha das actividades a levar a cabo deberá ser comunicada cunha antelación mínima de 7 días.

SEGUNDA.- OBRIGACIÓNS DAS PARTES

1. Obrigacións da Asociación de Empresarios e Hostalaría

- ✓ Desenvolver as actividades recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.
- ✓ Cumprir as seguintes condicións con respecto a ditas actividades:
 - Dispor dos asesos correspondentes.
 - Contar cun extintor acorde aos riscos para ser utilizado, en caso necesario. En todo caso, un extintor de po ABC 21A – 113B.
 - Respetar a normativa de ruído garantindo que nunca se supere o máximo permitido, instalando un dispositivo físico para este fin.
 - Respetar os horarios especificados, que non poderán superar nunca as 22.00 horas.
 - Colocar, se fose preciso, os altosfalantes ao longo da rúa e, en ningún momento, fronte as fachadas dos edificios.
 - Colocar o material necesario de forma que non se pechen as vías de evacuación dos edificios mais cercanos.
 - Non alterar o mobiliario urbano.
 - Todo o material colocado no chan deberá poder ser retirado con celeridade en caso de necesidade de paso dos vehículos de emerxencia, o persoal dos grupos operativos, etc.
 - Toda conexión eléctrica realizada deberá garantir as medidas de seguridade e ser, en caso necesario, realizada por persoal cualificado.
 - O paso de cables pola rúa deberá ir provista da canaleta de protección pertinente.
 - Calquera incidencia deberá ser posta, de xeito inmediato, en comunicación dos grupos operativos do Concello a través do 112 ou da policía local (981 944 092).

2. Obrigacións do do Concello de Ferrol

- ✓ Colocación específica de contedores de residuos en cantidade suficiente cara a unha correcta división e xestión dos residuos.
- ✓ Cesión Dos espazos públicos para o desenvolvemento das actividades de dinamización.
- ✓ Inspección e control, que poderá derivar a suspensión da propia actividade en caso de incumprimento grave ou perigo inminente para a seguridade.

TERCEIRA.- RESPONSABILIDADE

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e o Concello de Ferrol, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ninguna, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

CUARTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

1. Para o desenvolvemento e bo fin deste convenio de colaboración constituirase unha comisión paritaria que velará polo cumprimento das obrigas das partes, e adoptará cantas medidas e especificacións técnicas sexan precisas de cara a garantir a boa execución do convenio.

2. Dita comisión estará formada por:

- ✓ 2 representantes da Asociación de Empresarios e Hostalaría de Ferrol, a determinar pola mesma unha vez subscrito o convenio.
- ✓ 2 representantes do Concello de Ferrol
 - Coordinador de seguridade do Concello de Ferrol
 - Concelleiro Delegado Especial de Xuventude, Festas, Novas Tecnoloxías e Marca Ferrol, tendo este último o carácter de Presidente.

3. A súa actuación axustarase ao establecido nas Leis do réxime xurídico do sector público e na de organización e funcionamento da administración xeral.

QUINTA.- RÉXIME XURÍDICO

Este convenio ten natureza adimistrativa, seralle de aplicación o réxime determinado na Lei, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei do réxime xurídico do sector público, e, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento do convenio, e en última instancia pola persoa titular do Concello, cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa e contra elas poderase interpoñer recuso contencioso-administrativo, segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

SEXTA.- VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, e terá vixencia ata o 15 de setembro de 2024.

En proba de conformidade, asinamos este convenio por duplicado exemplar, en Ferrol, na data da sinatura,

Polo CONCELLO DE FERROL,
O Concelleiro Delegado Especial de
Xuventude, Festas, Novas Tecnoloxías e
Marca Ferrol

Pola ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E
HOSTALARÍA DE FERROL,
O presidente

D. Arán López Martínez

D. Emilio Vázquez Rey